



O Premio Syva reforza a súa proxección internacional con investigacións clave para a sanidade animal

A tese gañadora da 29.^a edición do Premio Syva, un dos galardóns máis relevantes no ámbito da sanidade animal, foi *Early diagnosis, genomic resistance to bovine paratuberculosis, and regulation of the host response against this infection* ['Diagnóstico precoz, resistencia xenómica á paratuberculose bovina e regulación da resposta do hospedador fronte a esta infección'], de Gerard Badía, desenvolvida no instituto de investigación NEIKER e defendida na Universidade do País Vasco (UPV).

A investigación do traballo gañador, premiado con 18.000 euros, supón unha importante contribución na loita contra a paratuberculose bovina, unha enfermidade que provoca grandes perdas no sector gandeiro. O estudo aborda o seu control mediante estratexias de detección temperá e a selección xenética de animais con marcadores de resistencia.

O primeiro accésit foi concedido a Judith Guitart, da Universidade Autónoma de Barcelona (UAB), pola súa tese *Integrating multi-omics to monitor gut microbiome and resistance dynamics in weaned piglets* ['Integración de enfoques multiómicos para monitorizar a dinámica do microbioma intestinal e do resistoma en leitóns destetados'], sobre a análise dos distintos tratamentos empregados para controlar as diarreas posdesteta en leitóns. Nela avalíase o seu efecto

tanto sobre a resolución da enfermidade coma sobre a microbiota intestinal e o perfil de resistencias a antibióticos, a través de tecnoloxías avanzadas coma a xenómica e a transcriptómica.

O segundo accésit recaeu en Enrique Riera, tamén da UAB, cuxo estudo *A gill-ty parasite: Biological aspects of the ectoparasitic flatworm Sparicotyle chrysophrii and its interactions with gilthead seabream* ['Un parasito ata as branquias: aspectos biolóxicos do platelminto ectoparásito *Sparicotyle chrysophrii* e as súas interaccións coa dourada'], céntrase nun parasito que causa importantes perdas económicas na produción de douradas. O seu traballo aborda a resposta do peixe fronte á infección e sinala posibles dianas terapéuticas para o desenvolvemento de tratamentos ou vacinas. Ambos os accésits estiveron dotados con 3.500 euros.

UNHA XORNADA MARCADA POLA INVESTIGACIÓN, O TALENTO NOVO E A SAÚDE ANIMAL

A cerimonia de entrega do Premio Syva tivo lugar en León o pasado 7 de maio e estivo centrada na ciencia, o intercambio de coñecemento e o recoñecemento ao traballo de novos investigadores comprometidos co futuro da sanidade animal. Investigadores, representantes do ámbito académico, membros do xurado internacional, directores de tese, colaboradores de Syva e familiares dos galardoados compartiron un encontro que, co paso dos anos, se consolidou coma un punto de unión entre universidade, investigación e industria veterinarias.

A xornada comezou cunha visita ás instalacións de produción de Syva, onde os convidados puideron coñecer de preto a actividade da compañía e o seu compromiso histórico coa investigación e desenvolvemento en sanidade animal.

► NESTA EDICIÓN RECIBÍRONSE 31 TESES DOUTORAIS PROCEDENTES DE 15 UNIVERSIDADES DE 7 PAÍSES DIFERENTES

Posteriormente, Javier Sanz, director de Marketing de Syva, e a doutora María Luisa de Arriba, secretaria do tribunal, déronlles a benvida aos asistentes. Na súa intervención, Sanz lembrou a importancia de apoiar as novas xeracións de investigadores nun contexto no que os retos sanitarios, medioambientais e alimentarios están cada vez máis interconectados: “Sen ciencia non hai prevención eficaz. Sen investigación non hai novas ferramentas e non hai progreso real”.

Nesta edición recibíronse 31 teses doutorais procedentes de 15 universidades de 7 países diferentes. A secretaria do tribunal salientou a elevada calidade dos traballos presentados e a dificultade que supuxo realizar a selección final. O xurado, formado por académicos e investigadores de recoñecido prestixio na área da saúde animal, avaliou as candidaturas baixo criterios de rigor científico, innovación e aplicabilidade práctica, o que garante a calidade do premio e a súa consolidación a nivel internacional.

Tras a entrega de premios, os tres galardoados presentaron os seus traballos e compartiron co público a súa experiencia persoal durante o doutoramento, os desafíos afrontados ao longo da investigación e as perspectivas que abren os seus resultados. Estas intervencións permitiron poñer en valor non só a excelencia científica das teses premiadas, senón tamén o compromiso, a paixón e a perseveranza que esixe a investigación en sanidade animal.

Na clausura do acto, Santiago Gutiérrez, vicerreitor de Investigación e Transferencia da Universidade de León (ULE), insistiu no papel fundamental da investigación científica como motor de progreso para a sociedade e na importancia estratéxica do concepto One Health. Tamén lles dirixiu unhas palabras aos novos in-



Javier Sanz, director de Marketing de Syva, con Gerard Badia, gañador do Premio Syva 2026



Santiago Gutiérrez, vicerreitor de Investigación e Transferencia da ULE, con Judith Guitart, que logrou o primeiro accésit



María Luisa de Arriba, secretaria do tribunal, con Enrique Riera, quen obtivo o segundo accésit

vestigadores presentes na sala: “Os novos investigadores de hoxe van estar aí dentro de 10 ou 15 anos liderando o cambio a través do coñecemento”.

Nesta edición, o tribunal destacou o alto nivel científico dos estudos presentados, así como a relevancia das investigacións para a saúde animal e o seu impacto na saúde pública. Así mesmo, subliñou a crecente participación internacional, reflexo

do interese global que esperta este recoñecemento científico.

Con case tres décadas de traxectoria, o Premio Syva, organizado en colaboración coa Universidade de León, reconece desde 1998 a mellor tese doutoral en sanidade animal e busca impulsar o talento novo, a innovación científica e a transferencia de coñecemento cara ao sector veterinario e á industria. ■